

FRANCISCO FERNANDEZ DEL RIEGO

ABOGADO

VIGO -2-febreiro-1976

DR. CADAVAL, 32

TELÉFONO, 21 37 70

Sr. D. Luís Seoane  
Buenos Aires

Meu querido amigo:

Son moitos os motivos de agradecimento que che debo por tantas cousas. Pero os producidos nos derradeiros días da tua estada en Galicia estiveron determinados, ademais, por unha fonda emoción. Non necesito decirche o que representaron pra min as tuas delicadas i espresivas probas de amizade. Tamén as breves palabras que me escribiche dende Buenos Aires, e que valoro en canto significan.

Onte chegoume, adicada, a carpeta de grabados "Insectario". Trátase dunha verdadeira fermosura. Entre tantos e tantos espoñentes creadores como levas feito, penso que éste é un dos máis felices e orixináis. Agradézoche de corazón tan fino agasallo.

Moi garimosos saúdos a Maruxa, de Evulina pra os dous, e pra tí a forte aperta de sempre

